

O xurado salientou que no poemario gañador vese «unha proximidade do cotián»

Eduardo Estévez gaña o González Garcés coa obra «Construcións»

Rodri García

A CORUÑA | «Peguei un berro que lle debeu quedar soando ao home no oído». Esta foi a reacción de Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) cando o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, chamouno por teléfono pouco antes do mediodía de onte para dicirle que era o gañador da 14.ª edición do premio de poesía Miguel González Garcés. Moreda apuntaba que tivera que facer esa chamada a moitos galardoados, pero moi poucas veces a nova fora recibida con tanta ledicia, «sinal de que non o esperaba».

Construcións é o título do poemario gañador, que foi presentado baixo o pseudónimo de Ramón Carreiro e competía con outros 54 orixinais. Manuel Forcadela, voceiro do xurado, explicou que a decisión foi tomada por maioría e se «valorou a contemporaneidade da escrita e a aposta do autor pola renovación da nosa tradición estética», así como «a liña de construción expresiva» desta obra «na que se pode advertir unha proximidade do cotián». Estévez expresaba a súa admiración por «un xurado de moitos quilates no que están poetas como Luz Pozo Garza ou Manuel Álvarez Torneiro...». «É que este é un premio moi importante, a pouco máis se pode aspirar en Galicia». Tamén formaban parte do xurado Medos Romero, gañadora do ano pasado, Gonzalo Navaza e Manuel Forcadela.

Eduardo Estévez confesaba que lle fixo «moita ilusión» recibir o premio por un libro ao que el lle tiña «moita fe, pero levaba tempo intentando colocalo e non había maneira. Xa estaba empezando a estar un pouco desesperado».



Eduardo Estévez empezou a escribir en galego no ano 1995 | EDUARDO

Aínda que o novo poemario non se publicará ata o último trimestre deste ano, segundo adiantou o coordinador do premio, Xavier Seoane, o inicio da escrita deste libro pode verse na páxina web que Eduardo Estévez ten en internet (luagris.net), xa que hai dous anos empezou a colgar alí os borradores dos poemas. Despois, «non quería borrar o blog, pero tampouco ter alí uns versos que, por outra banda, estaba presentando a algún premio; nesas cousas procuro ser moi escrupuloso».

Este poeta, que xa fora finalista deste premio en 1997 con *Só paxaros saíron desta boca*, explica que poemas como *Línea 41*, que fala dunha viaxe en autobús, lle «parece que tamén saíu unha canción cunha historia parecida, pero non a escoitei». Na lectura deses poemas están moi presentes as olladas, algo que o autor explica: «Este poemario son miradas sobre as cousas que pa-

san, non para ofrecer solucións, porque eu non creo iso de que a poesía sexa a verdade última. Penso que non existe a verdade, é ocasional; a poesía está para presentar dúbidas, para facernos pensar, para facernos sentir incómodos, non no sofá, senón mentalmente, para non conformarnos coa primeira ollada sobre as cousas».

Sen noticias do galego

Eduardo Estévez lembra que empezou a escribir poesía porque un profesor de literatura, cando el tiña 16 ou 17 anos, levouno a un taller literario e alí foi co seu primeiro texto que escribiu. «Pero isto pasou en Bos Aires, e logo estiven un tempo en Venezuela antes de vir para Galicia, aínda que eu tiña un avó da Coruña», explica. Sorprende o dato de que en 1995 foi cando empezou a coñecer o galego e, catro anos máis tarde, foi finalista dun premio do que está especialmente contento, o Tivoli Europa, para autores de todo o continente menores de 35 anos. Foi polo seu libro *Lúa gris* (Xerais) unha obra da que di: «Aínda que penso que non existe poesía autobiográfica, este sería o poemario máis autobiográfico». Entre os seus proxectos para este ano están o de publicar en edicións Bourel, «que a leva un bibliófilo de Ribeira, Antonio Piñeiro», un libro que non só habería versos, senón que en cada exemplar «irán cinco fotografías orixinais», que é outra das súas afeccións.

Seguir publicando en Internet é outro dos seus obxectivos e apunta como argumento que en só catro días «tiven máis lectores no blog que exemplares vendidos de todos os [seus] libros publicados».